

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

<i>Código</i>	<i>Nat</i>	<i>Ud</i>	<i>Resumen</i>	<i>Prezo por partida</i>
D	Capítulo	DESCOMPOSTOS		
C 005	Capítulo	CANTARÍA		
E0200000	Partida	m3	<p>MONTAXE CANTERÍA DESMONTADA</p> <p>Montaxe de cantería desmontada con antelación a dúas caras vistas, recibida con masa de cal graxo, i/rexuntado e limpeza.</p>	359,05
E0200005	Partida	ud	<p>MÉNSULA APOIO GRANITO 70 x 25 x 35 cm.</p> <p>Ménsula -canzorro- de apoio de viga, encravada en muro de cachotaría ou similar, formada por unha peza de pedra granítica adecuada á fábrica, sen labra, e moldura sinxela nas súas partes vistas, de aproximadamente 70 x 25 x 35 cm. de sólido capaz, encravada 2/3 da súa lonxitude no muro, mesmo formación de caixa, colocación e posterior racheamento con cachote, e asento de viga, con p.p. de carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	214,47
E0200010	Partida	m2	<p>CHAPADO P. GRANÍTICA MAMPOSTERÍA ORD. e = 7 cm.</p> <p>Chapa de pedra granítica para reparación de paramentos de muros de cantaría, a unha cara vista, de 7 a 10 cm. de espesura total, con pedra en lousas de 3/7 cm., recibido con masa de cal graxo. A pedra será de gra, textura e cor similares á existente. i/preparación de pedras, recibido, cintaxe, limpeza e medios auxiliares, medida deducindo ocos superiores a 1,5 m2.</p>	128,55
E0200020	Partida	m2	<p>CHAPADO DE LOUSA 32 x 22 x 2 cm.</p> <p>Chapado de lousa de 32 x 22 x 2 cm., sen preparar caras agás abuxardado de zonas de corte, de 7 cm. a 10 cm. de espesura total, con xunta, con pedra en laxas de 5 cm. de profundidade e diferentes grosos, recibido con masa de cal graxo, i/rexuntado a punta de paleta, limpeza e medios auxiliares, medido deducindo ocos.</p>	70,82
E0200025	Partida	m3	<p>CACHOTARÍA ORDINARIA GRANITO 1 C/VTA</p> <p>Cachotaría ordinaria de pedra granítica a unha cara vista, recibida con masa de cal graxo ou hidráulico en muros até 60 cm. de espesura, i/preparación de pedras, asento, recibido, cintaxe, limpeza e medios auxiliares, medida deducindo ocos superiores a 1,5 m2.</p>	218,04
E0200035	Partida	m3	<p>CACHOTARÍA PEZAS LOUSA GRIS / NEGRA 1 C/VTA</p> <p>Cachotaría de pezas de lousa de ton cincento a unha cara vista, recibida con masa de cal graxo ou hidráulico en muros de até 50 cm. de espesura, i/preparación de pedras, asento, recibido, cintaxe, limpeza e medios auxiliares, medida deducindo ocos superiores a 1,5 m2.</p>	330,95
E0200045	Partida	m2	<p>APOMAZADO DE GRANITO</p> <p>Apomazado de granito en obra sobre superficie xa preparada lisa, i/p.p. de medios auxiliares, medido deducindo ocos.</p>	11,68
E0200050	Partida	m1	<p>FORMACIÓN MANUAL ARESTAS VIVAS GRANITO</p> <p>Formación manual de arestas vivas a cicel en cantaría granítica, en operacións de restauración, i/medios auxiliares.</p>	18,35
E0200055	Partida	m2	<p>TRATAMENTO MANUAL CICEL BUXARDA</p> <p>Tratamento manual superficial de fábrica de pezas de cantaría até deixar textura uniforme, mediante cicel buxarda, en operacións de restauración até unha altura de 10 m., i/medios auxiliares.</p>	25,03
E0200060	Partida	m2	<p>TRATAMENTO MANUAL ABUXARDADO GRANITO</p> <p>Tratamento manual superficial de fábrica de pezas de cantaría até deixar textura uniforme mediante abuxardado, deixando unha banda de protección de 2,5 cm. nos bordos sen abuxardar, para tratamento con cicel, en operacións de restauración, até unha altura de 10 m., i/medios auxiliares. Sen incluír estadas.</p>	18,35

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0200065	Partida	m2	<p>LIMPEZA PEDRA CEPILLO / AUGA</p> <p>Limpeza de muros de cantaría granítica consistente en: 1º.- Retirada dende a raíz de herbas e plantas, 2º.- Rascadura e cepilladura en seco eliminando cintaxes deterioradas, 3º.- Cepilladura manual uniforme con cepillo de raíces e auga limpa até eliminar manchas e residuos. Someterase ao criterio da dirección facultativa, se a houbese, o uso en disolución de produtos biocidas. Sen incluír a montaxe, aluguer e desmontaxe de estadas. Non deben usarse lanzadores de auga ou area a calquera presión. Medios auxiliares e de seguranza incluídos, mesmo protección, se for necesario, de carpintarías, retablos, pavimentos, revocaduras etc. Limpeza final con carga e transporte de entullos a vertedoiro.</p>	8,66
E0200066	Partida	m2	<p>LIMPEZA PEDRA CHORRO AREA</p> <p>Limpeza pedra con chorro de area de sílice e auga a presión en calquera tipo de paramento consistente en: 1º.- Retirada dende a raíz de herbas e plantas, 2º.- Limpeza paramento, 3º.- Aplicación de produto desincrustante sobre o paramento a limpar, 4º.- Proxección de area de sílice e auga a presión controlado por maquinaria apropiada eliminando residuos de obra, po, ...etc, ata unha limpeza total e desincrustado da pedra. Medios auxiliares e de seguranza incluídos, mesmo protección, se for necesario, de carpintarías, retablos, pavimentos, revocaduras etc. Limpeza final con carga e transporte de entullos a vertedoiro.</p>	13,06
E0200067	Partida	m2	<p>LIMPEZA PEDRA CHORRO AUGA</p> <p>Limpeza pedra con chorro de auga en calquera tipo de paramento consistente en: 1º.- Retirada dende a raíz de herbas e plantas, 2º.- Limpeza paramento, 3º.- Aplicación de produto desincrustante sobre o paramento a limpar, 4º.- Proxección de auga a presión controlado por maquinaria apropiada eliminando residuos de obra, po, eflourescencias salitrosas, ...etc, ata unha limpeza total e desincrustado da pedra. Medios auxiliares e de seguranza incluídos, mesmo protección, se for necesario, de carpintarías, retablos, pavimentos, revocaduras etc. Limpeza final con carga e transporte de entullos a vertedoiro.</p>	7,22
E0200068	Partida	m2	<p>LIMPEZA E REXUNTADO CACHOTARÍA</p> <p>Limpeza de xuntas en mal estado en fábrica de cachotaría con posterior novo rexuntado, deixando a xunta rasada ao paramento con masa de cal graxo e area limpa cunha dosaxe 1:4 en volume, con reposición de pedras de idénticas características ás existentes, i/p.p. medios auxiliares en apontoado e varrido de xunta con cepillo ou vasoira.</p>	21,53
E0200070	Partida	m2	<p>CINTAXE AO CAL DE CANTARÍA</p> <p>Cintaxe ao cal de fábrica de cantaría granítica realizada con masa de cal graxo e area limpa cunha dosaxe 1:4 en volume, mesmo racheamento con rachas de xisto ou lousa, se for necesario. Antes de aplicar a masa realizarase unha limpeza cepillando a xunta e empapando con auga limpa a xunta e as superficies adxacentes. A textura e cor da cintaxe deberá decidirse sobre mostras perfectamente secas realizadas "in situ". Engadirase ladrillo machucado como granulado á masa de cintaxe, se así fose necesario, na proporción xusta. As cores obteranse controlando a proporción da area e, se for preciso, engadindo á masa na amasada pigmentos a base de terras naturais. Protección de mobles, carpintarías, pavimentos ou revocaduras e limpeza final, con carga e transporte de entullos a vertedoiro, medios auxiliares e de seguranza incluídos. As estadas mídense á parte.</p>	9,03
E0200075	Partida	ml	<p>CORNIXA PEDRA GRANÍTICA 60 x 25 cm.</p> <p>Cornixa de pedra granítica de 60 x 25 cm. de sección en forma de peito pomba, con labra fina, recibida con morteiro bastardo de cal e cemento 1/1/6, i/preparación de pedras, asentado, recibido, aplomar, rexuntado, limpeza e p.p. de estadas.</p>	550,46

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009**

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0200080	Partida	ml	CHANZO DE GRANITO Chanzo de pedra de granito, igual á existente, labrada a punteiro, tomado con masa de cal graxo, i/rexuntado.	200,49
E0200085	Partida	ml	VARANDA DE PEDRA DE GRANITO Varanda de pedra de granito, formada por barrotes 12 x 12 cm., pasamáns 20 x 8 cm., barrotes separados 20 cm., i/encaixamentos, redondos de aceiro, rexuntado e limpeza.	326,92